

PLAN DIRECTOR E PLAN ESTRATÉXICO DO CAMIÑO DE SANTIAGO EN GALICIA 2015-2021



ÍNDICE

1. OBXECTIVO E ALCANCE
2. METODOLOXÍA DE TRABALLO
3. CONSULTA AO SECTOR
4. RETOS E VISIÓN COMPARTIDA
5. EIXES DE DESENVOLVEMENO E LIÑAS ESTRATÉXICAS
6. ACTUACIÓNS PRIORITARIAS
7. PLANS DE ACTUACIÓN E ACCIÓNS A IMPULSAR
8. VISIÓN DESEXADA NO 2021
9. ORZAMENTO
10. ANEXOS



1

OBJECTIVO E ALCANCE



O Plan Director do Camiño de Santiago 2015-2021 constrúese co firme obxectivo de:

- Protexer e preservar o Camiño para garantir a pervivencia da súa identidade e a posta en valor do seu patrimonio cultural e natural.
- Responder ás necesidades do peregrino do S.XXI, ofrecendo unha excelente hospitalidade na acollida e favorecendo unha experiencia de calidade durante toda a súa peregrinación.
- Fomentar a cohesión social e o equilibrio territorial.
Seguir constituíndo a identidade universal de Galicia e de Europa.



COMO TEN QUE SER XESTIONADO O CAMIÑO
PARA ATENDER AO PEREGRINO DO 2021?

1. OBXECTIVO E ALCANCE

O Plan Director do Camiño de Santiago 2015-2021, suporá unha **ferramenta de xestión** para a Xunta de Galicia e unha **folia de ruta** que marcará as directrices para favorecer a conservación e protección do Camiño na nosa Comunidade Autónoma, atendendo a todos os axentes, públicos e privados, implicados no mesmo.

A contribución do Camiño ao **fortalecemento da unidade da marca Galicia**, estará baseado en tres piares fundamentais:

- A **EXPERIENCIA DO PEREGRINO**: garantir a experiencia da peregrinaxe, nun contexto no que a seguridade e a excelencia atención recibida será prioritaria ao longo de toda a viaxe .
- A **TRANSCENDENCIA DO PROPIO CAMIÑO**: lograr o mantemento, a protección e a difusión así como un desenvolvemento sostible, social, económico e ambiental, serán de máxima relevancia para garantir a continuidade dos seus valores no tempo.
- **Estratéxico e vertebrador da unidade da MARCA GALICIA**, e mesmo de España e Europa constituíndo a icona mais recoñecido de Galicia a nivel internacional. **O Camiño se constitúe como un embaixador de Galicia**, dando apoio á proxección internacional e nacional, das empresas e da cultura galega.



PLAN DIRECTOR

ANÁLISE,
DIAGNOSE, RETOS E
LIÑAS ESTRATÉXICAS

PLAN DIRECTOR 2015-2021

Estamos preparados para recibir ao peregrino dos vindeiros anos e especialmente do próximo Ano Santo 2021?

Como preservamos os valores esenciais e reforzamos o Camiño coma icona universal?

Como potenciamos a xestión do Camiño como un modelo demostrador internacional?



PLAN ESTRATÉXICO 2015-2021

COMO POÑEMOS EN PRÁCTICA ESTA VISIÓN
CON HORIZONTE 2021 ?

PLAN ESTRATÉXICO


PLANS DE
ACTUACIÓN E
ACCIÓN A
IMPULSAR

2

METODOLOXÍA DE TRABALLO



2. METODOLOXÍA DE TRABALLO



3

CONSULTA AO SECTOR





COMO CONSTRUÍMOS A VISIÓN 2021?
CONSULTANDO AO 100% DO SECTOR



170 organizacións participantes
220 expertos entrevistadas para deseñar un **Plan Director** e un **Plan Estratéxico** coa visión de **todos os axentes vinculados ao Camiño de Santiago, Patrimonio Mundial e Itinerario Cultural Europeo**



REUNIÓN PRESENCIALS COS PRINCIPAIS ORGANISMOS VINCULADOS AO CAMIÑO



**ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA E
PROVINCIAL**
21 reunións dos diferentes
departamentos da **Xunta de Galicia** con
34 representantes

Deputacións de Galicia con 8
representantes

ADMINISTRACIÓN ESTATAL:
Ministerio de Fomento,
Delegación do Goberno
Consejo Jacobeo
Turespaña

TERRITORIOS LÍMITROFES:
Asturias
Castela e León
Portugal



**FOROS DO CAMIÑO
COS PRINCIPAIS
AXENTES VINCULADOS
AO CAMIÑO**

**Asociacións de Amigos do
Camiño coa participación de
46 representantes**

**57 Concellos das diferentes
rutas do Camiño de Santiago
en Galicia**

4 Entidades Eclesiásticas:
Catedral Santiago de Compostela
Diócese de Tui - Vigo
Diócese de Lugo
Diócese de Astorga

4 Xeodestinos participantes

Clúster Turismo de Galicia en
representación das entidades
privadas de servizos de atención
ao peregrino

**13 Representantes de
Tourop operadores e Asociacións de
Hostalaría**

Recollida de información sobre as necesidades ás que debe responder o Plan Director e o Plan Estratéxico do Camiño de Santiago



3. CONSULTA AO SECTOR



4

RETOS E VISIÓN
COMPARTIDA





Retos do Plan Estratéxico do Camiño de Santiago





Retos do Camiño de Santiago

1. Conciencia e posicionamento dos valores esenciais do Camiño:

- A esencia do Camiño constrúea o propio peregrino.
- O Camiño é un fenómeno en continua evolución, desde a súa orixe ata a actualidade. Do mesmo modo que non resulta posible desvincular a súa esencia das súas raíces históricas e relixiosas, non se debe deixar a un lado o efecto desa evolución, e ambas deben ser obxecto de estudo e investigación constante.
- Galicia debe velar pola conservación e difusión dos valores do Camiño de Santiago e da Cultura Xacobeá, co obxecto de concienciar á sociedade sobre a súa importancia e sobre a necesidade de respectalo e protexelo, garantindo a súa permanencia a través do tempo e das xeracións.
- Para o presente Plan Director e Estratéxico identifícanse os seguintes valores do Camiño:

Espiritualidade

Identidade
histórica

Valor
patrimonial


Intercambio
cultural



Retos do Camiño de Santiago

2. Posta en valor do Patrimonio do Camiño

- A día de hoxe, o Camiño de Santiago conta con diversas ferramentas que regulan a súa protección e recoñecen o seu valor patrimonial e cultural, incluso a nivel internacional.
- Galicia debe velar pola eficacia e eficiencia destas ferramentas que contribúen á conservación do Camiño, do seu Territorio Histórico e do seu patrimonio.
- O rol e a responsabilidade de protección, conservación e mantemento do Camiño de Santiago debe ser recoñecido e asumido por todos os axentes implicados nel. Galicia debe centrar esforzos e acadar o cumprimento de normativas e competencias por parte de todas as partes vinculadas.
- Débese levar a cabo unha planificación coordinada e continua priorizando as necesidades do peregrino entre as administracións e da man da poboación local, a Igrexa, o sector privado e o tecido asociativo, co obxectivo de garantir a boa experiencia na realización do Camiño.



Retos do Camiño de Santiago

3. Excelencia na experiencia do peregrino:

- O peregrino é a alma do Camiño. Ademais, é o seu mellor prescriptor e embaixador.
- A experiencia vivida durante a peregrinaxe é o verdadeiramente relevante, e non tanto a motivación persoal para realizar o Camiño, a procedencia, a relixión ou a cultura de cada quen.
- O Camiño acaba constituíndo un espazo para o descubrimento, a aprendizaxe, a aventura, a sensibilidade, o intercambio cultural, o contacto coa natureza e o encontro espiritual.
- A acollida ao peregrino, a satisfacción das súas necesidades tanto físicas coma espirituais, o bo trato, a hospitalidade, a garantía da súa seguridade e integridade, a accesibilidade... Galicia debe ter capacidade para atender ao peregrino e garantir a máxima calidade no seu trato antes, durante e despois da súa viaxe, ao mesmo tempo que se contribúe á difusión da Cultura Xacobeá.
- A especialización e profesionalización dos servizos ao peregrino, tanto públicos coma privados, tanto con ou sen ánimo de lucro, serán chave cara acadar a excelencia na atención ao peregrino.



Retos do Camiño de Santiago

4. Eixo de desenvolvemento socioeconómico sostible e responsable.

- Do mesmo modo que é indubidable o valor histórico e cultural do Camiño de Santiago, o é a súa capacidade de contribuír ao crecemento socioeconómico dos territorios que percorre. Moitos núcleos rurais do Camiño beneficianse directa e indirectamente do seu impacto en canto a aspectos coma: fixación de poboación, creación de novas empresas, xeración de postos de traballo, crecemento dos sectores produtivos, acondicionamento e conservación de elementos patrimoniais e naturais, etc. Ademais doutras vantaxes inmateriais de intercambio cultural, cohesión social, orgullo de pertenza, posicionamento e diferenciación, promoción turística, etc.
- Galicia debe facilitar a continuidade deste desenvolvemento de forma sostible, desde o punto de vista social, económico e ambiental.
- Débese promover o compromiso e a responsabilidade para a súa conservación e difusión, así como marcar pautas sostibles que permitan dar continuidade ao desenvolvemento local durante todo o ano, ano tras ano.



Retos do Camiño de Santiago

5. O Camiño como fortalecedor da Marca Galicia:

- O Camiño de Santiago sitúa Galicia no mundo.
- É o elemento máis recoñecido, identitario e representativo de Galicia.
- O Camiño funciona como fortalecedor da Marca Galicia, estimula o orgullo de pertenza dos galegos e a cohesión social; é o mellor embaixador dos valores do pobo galego, da nosa cultura e historia, do noso patrimonio material e inmaterial, da nosa gastronomía, do noso carácter e da nosa hospitalidade, etc.



Visión

Un Camiño de todos para todos
Un Camiño adaptado para o peregrino do 2021
Un Camiño modelo demostrador internacional

No 2021 queremos un Camiño...

Xestionado
integralmente por todas
as administracións e
axentes implicados

Hospitalario atendendo
á multiculturalidade

Sostible social,
económica e
medioambientalmente

**Protexido, conservado e
posto en valor**

Para **o peregrino**, que
satisfaga as súas
necesidades e cumpra as
súas expectativas

**Conectado globalmente
e accesible**

**Xerador de
coñecemento** con
difusión internacional

Que **posiciona
internacionalmente** a
marca Galicia

5

EIXES DE DENVOVIMENTO E LIÑAS ESTRATÉXICAS





5. EIXES DE DENVOLEVEMENTO E LIÑAS ESTRATÉXICAS



EIXO 1.
GOBERNANZA

L.E.1. Coordinación e organización administrativa

EIXO 2.
XESTIÓN

L.E.2. Preservación e potenciación dos valores patrimoniais do Camiño de Santiago

L.E.3. Conservación e mantemento do Camiño de Santiago

L.E.4. Camiño de Santiago medioambientalmente sostible

L.E.5. Fortalecemento da cidade de Santiago de Compostela como meta da ruta Xacobeá

L.E.6. Potenciación de todas as rutas de peregrinación a Santiago de Compostela

EIXO 3.
USO

L.E.7. Especialización e calidade no servizo de atención ao peregrino

EIXO 4. DIFUSIÓN

L.E.8. Comunicación e divulgación do Camiño e da Cultura Xacobeá



L.E.1. Coordinación e organización administrativa

Establece plans de acción para **fortalecer os organismos competentes**, e potenciar a **colaboración e coordinación** entre eles, fomentando canles para a **participación do tecido asociativo** nas políticas de xestión do Camiño

L.E.2. Preservación e potenciación dos valores patrimoniais do Camiño de Santiago

Establece plans de acción para **preservar e potenciar os valores patrimoniais do Camiño** e do territorio vinculado, de acordo cos criterios e recomendacións establecidos pola UNESCO para garantir a súa **autenticidade e integridade patrimonial**.

L.E.3. Conservación e mantemento do Camiño de Santiago

Establece plans de acción para a coordinación dos servizos de mantemento e conservación do Camiño de Santiago, no relativo ao seu **trazado**, ao seu **territorio vinculado** e ao conxunto dos **elementos patrimoniais** que o compoñen.

L.E.4. Camiño de Santiago medioambientalmente sostible

Establece plans de acción para acadar un Camiño sostible levando a cabo actuacións de conservación e mellora no **entorno natural e paisaxístico**, así como na **xestión integral dos residuos, da auga e da enerxía**.



L.E.5. Fortalecemento da cidade de Santiago de Compostela como meta da ruta Xacobeia

Establece plans de acción específicos para o fortalecemento da cidade de **Santiago de Compostela en todos os seus elementos como meta do Camiño** e da optimización das infraestruturas e de servizos ao peregrino na cidade de Santiago de Compostela.

L.E.6. Potenciación de todas as rutas de peregrinación á Santiago de Compostela

Establece plans **específicos para cada unha das rutas de peregrinación** recoñecidas na LPCS, atendendo ás características e necesidades de cada unha delas.

L.E.7. Especialización e Calidade no Servizo de Atención ao Peregrino

Establece plans de acción destinados a lograr a **excelencia na atención ao peregrino**, a **formación** dos axentes, o fomento da **calidade** e a promoción e comercialización de **novos produtos e servizos especializados**.

L.E.8. Investigación, comunicación e divulgación do Camiño e da Cultura Xacobeia

Establece plans de acción enfocados ao fomento do **estudo e a investigación da Cultura Xacobeia**, así como a súa **divulgación** entre todos os públicos, fortalecendo a marca **“Galicia, O Bo Camiño”**.

6

ACTUACIONES PRIORITARIAS





Actuacións prioritarias

Cada liña estratéxica aglutina diversos plans de actuacións prioritarios cun horizonte 2021.

A continuación móstranse os plans de actuación prioritaria do Plan Director do Camiño de Santiago, enmarcadas nas liñas estratéxicas definidas.



LIÑA ESTRATÉXICA 1: COORDINACIÓN E ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA

PLAN DE ACTUACIÓNS PRIORITARIAS

1.1. FOMENTO DA COOPERACIÓN INTERADMINISTRATIVA

1.2. IMPULSO DAS RELACIÓNS INTERNACIONAIS

1.3. APOIO ÁS ASOCIACIÓNS DE AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO

1.4. FORTALECEMENTO DO COMITÉ INTERNACIONAL DE EXPERTOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO

1.5. COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E AS ENTIDADES ECLESIAÍSTICAS

1.6. SISTEMA DE SEGUEMENTO DO IMPACTO SOCIECONÓMICO DO CAMIÑO EN GALICIA

LIÑA ESTRATÉXICA 2: PRESERVACIÓN E POTENCIACIÓN DOS VALORES PATRIMONIAIS DO CAMIÑO DE SANTIAGO

PLAN DE ACTUACIÓNS PRIORITARIAS

2.1. IMPULSO Á DELIMITACIÓN DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO

2.2. REFORZO DOS MECANISMOS DE PROTECCIÓN E POSTA EN VALOR PATRIMONIAL DO CAMIÑO DE SANTIAGO



LIÑA ESTRATÉXICA 3: CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DO CAMIÑO DE SANTIAGO

PLAN DE ACTUACIONES PRIORITARIAS

3.1. MANTEMENTO VIARIO, SINALIZACIÓN E SEGURIDADE VIAL NO CAMIÑO DE SANTIAGO

3.2. CAMIÑO DE SANTIAGO ACCESIBLE

LIÑA ESTRATÉXICA 4: CAMIÑO DE SANTIAGO MEDIOAMBIENTALMENTE SOSTIBLE

PLAN DE ACTUACIONES PRIORITARIAS

4.1. ESTABLECEMENTO DUN PLAN DE XESTIÓN INTEGRAL AMBIENTAL



LIÑA ESTRATÉXICA 5: FORTALECEMENTO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA COMO META DA RUTA XACOBEA

PLAN DE ACTUACIONES PRIORITARIAS

5.1. MELLORA DO CAMIÑO E DOS SEUS ELEMENTOS PATRIMONIAIS NO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5.2. OPTIMIZACIÓN DAS INFRAESTRUCTURAS E MELLORA DOS SERVIZOS DE ATENCIÓN AO PEREGRINO NA CIDADE

5.3. CREACIÓN DE PRODUCTOS ESPECÍFICOS DE CARÁCTER CULTURAL E TURÍSTICO

LIÑA ESTRATÉXICA 6: POTENCIACIÓN DE TODAS AS RUTAS DE PEREGRINACIÓN A SANTIAGO DE COMPOSTELA

PLAN DE ACTUACIONES PRIORITARIAS

6.1. DINAMIZACIÓN DOS DIFERENTES CAMIÑOS DE SANTIAGO

6.2. DIFUSIÓN DOS VALORES E DAS SINGULARIDADES DE CADA UNHA DAS RUTAS DE PEREGRINACIÓN A SANTIAGO



LIÑA ESTRATÉXICA 7: ESPECIALIZACIÓN E CALIDADE NO SERVIZO DE ATENCIÓN AO PEREGRINO

PLAN DE ACTUACIÓNS PRIORITARIAS

7.1. XESTIÓN INTEGRADA DA REDE PÚBLICA DE ALBERGUES, MELLORA DAS SUAS INFRAESTRUCTURAS

7.2. FOMENTO DO VOLUNTARIADO DO CAMIÑO

7.3. FOMENTO DA EXCELENCIA NOS SERVIZOS DE ATENCIÓN AO PEREGRINO

7.4. IMPULSO Á CREACIÓN DE NOVOS PRODUCTOS E SERVIZOS EMPRESARIAIS ESPECIALIZADOS QUE MELLOREN A ATENCIÓN AO PEREGRINO

7.5. GARANTÍA DUN SERVIZO CONTINUADO DE SEGURIDADE, DE ASISTENCIA SANITARIA E DE EMERXENCIA

7.6. CENTROS DE INTERPRETACIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO



LIÑA ESTRATÉXICA 8: INVESTIGACIÓN, COMUNICACIÓN E DIVULGACIÓN DO CAMIÑO E DA CULTURA XACOBEA

PLAN DE ACTUACIÓNS PRIORITARIAS

8.1. FOMENTO DA INVESTIGACIÓN E A DIVULGACIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO E A CULTURA XACOBEA

8.2. O CAMIÑO DE SANTIAGO NO SISTEMA EDUCATIVO GALEGO

8.3. AUMENTO DA SENSIBILIZACIÓN DA POBOACIÓN LOCAL SOBRE O CAMIÑO DE SANTIAGO

8.4. DESEÑO DUN PLAN DE PROMOCIÓN E POSICIONAMENTO DE GALICIA A TRAVÉS DO CAMIÑO DE SANTIAGO

8.5. IMPULSO AO SMART CAMIÑO

7

PLANS DE ACTUACIÓN E ACCIONES PRIORITARIAS





LIÑA ESTRATÉXICA 1: COORDINACIÓN E ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA

PLAN DE ACTUACIÓNS PRIORITARIAS

1.1. FOMENTO DA COOPERACIÓN INTERADMINISTRATIVA

1.2. IMPULSO DAS RELACIÓNS INTERNACIONALES

1.3. APOIO ÁS ASOCIACIÓNS DE AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO

1.4. FORTALECEMENTO DO COMITÉ INTERNACIONAL DE EXPERTOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO

1.5. COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E AS ENTIDADES ECLESIAÍSTICAS

1.6. SISTEMA DE SEGUEMENTO DO IMPACTO SOCIECONÓMICO DO CAMIÑO EN GALICIA

7. PLANS DE ACTUACIÓN E ACCIÓNS PRIORITARIAS



LIÑA ESTRATÉXICA	L.E.1. COORDINACIÓN E ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA									
PLAN DE ACTUACIÓN	1.1. FOMENTO DA COOPERACIÓN INTERADMINISTRATIVA									
EIXO	GOBERNANZA									
OBXECTIVO	Garantir a coherencia e complementariedade entre as actuacións relativas á identificación, protección, xestión, promoción e divulgación do Camiño de Santiago que levan a cabo os diferentes departamentos da Xunta e outras administración, mediante un órgano específico de coordinación de acordo coas recomendacións da UNESCO.									
AXENTES IMPLICADOS E ROLES		Axente Coordinador			Axente Principal			Axente Colaborador		
	PRESIDENCIA-TURISMO DE GALICIA	•								
	CONSELLERÍAS DA XUNTA DE GALICIA				•					
	DEPUTACIÓNS				•					
	ADMINISTRACIÓN GENERAL DEL ESTADO - <i>Consejo Jacobeo</i>							•		
	CONCELLOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO OU ÓRGANOS COORDINADORES				•					
ACCIÓNS A IMPULSAR / TEMPORALIDADE		2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021		
<p>1.1.1. Establecemento da Comisión inter-departamental do Camiño de Santiago na Xunta de Galicia, mediante aprobación do seu regulamento interno para definir o alcance, os obxectivos e a súa natureza xurídica. Este órgano terá carácter continuo e estará composto por un representante de cada consellería da Xunta de Galicia debido a transversalidade do Camiño nas políticas autonómicas. Establecerase:</p> <ul style="list-style-type: none"> - unha planificación anual das actuacións que se realicen no Camiño - Definición dos mecanismos de coordinación entre a Comisión inter-departamental e os comités asesores (Comité Asesor dos Camiños de Santiago e o Comité Internacional de Expertos do Camiño), as outras administracións (municipais, provinciais e estatais). 										
<p>1.1.2. Creación de mesas de traballo para as rutas que carecen de órgano coordinador. Serán as Deputacións as responsables de impulsar a creación de ditas entidades, facilitando o diálogo entre os concellos. A maiores realizarase un análise do funcionamento das mancomunidades e organismos xa existentes (Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés, Mesa de Trabajo do Camiño Portugués e Consorcio do Camiño Inglés) para elaborar propostas de mellora segundo as súas necesidades e identificar boas prácticas que poidan ser extrapoladas ás novas mesas.</p>										

7. PLANS DE ACTUACIÓN E ACCIÓNS PRIORITARIAS



LIÑA ESTRATÉXICA	L.E.1. COORDINACIÓN E ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA							
PLAN DE ACTUACIÓN	1.1. FOMENTO DA COOPERACIÓN INTERADMINISTRATIVA							
EIXO	GOBERNANZA							
ACCIÓNS A IMPULSAR / TEMPORALIDADE	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	
1.1.3. Potenciar a cooperación entre a Administración Galega e os órganos competentes da Administración General del Estado a través do establecemento de convenios en materias que afectan ao Camiño.								
1.1.4. Proposta de reestruturación dos grupos de traballo do Consejo Jacobeo , como a busca de novos procedementos para mellorar a eficiencia das funcións encomendadas, a implicación das Comunidades Autónomas do Camiño e outros órganos consultivos (Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago, Comité Asesor do Camiño de Santiago).								
INDICADORES DE EXECUCIÓN	Nº DE REUNIÓN ANUAIS DA COMISION INTER-DEPARTAMENTAL							

7. PLANS DE ACTUACIÓN E ACCIÓNS PRIORITARIAS



LIÑA ESTRATÉXICA	L.E.1. COORDINACIÓN E ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA.							
PLAN DE ACTUACIÓN	1.2. IMPULSO DAS RELACIÓNS INTERNACIONAIS.							
EIXO	GOBERNANZA							
OBXECTIVO	Apoiar e reforzar as relacións e a comunicación con administracións e axentes estranxeiros a través do establecemento de programas de cooperación que favorezan o traballo en rede e o fortalecemento da imaxe do Camiño alén da Comunidade Autónoma de Galicia.							
AXENTES IMPLICADOS E ROLES		Axente Coordinador	Axente Principal	Axente Colaborador				
	PRESIDENCIA-TURISMO DE GALICIA	•						
	FEDERACIÓN EUROPEA DO CAMIÑO DE SANTIAGO		•					
	VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMÓNS. PÚBLICAS E XUSTIZA- D.X. de Relacións Exteriores e coa Unión Europea							•
	UNESCO – ICOMOS							•
	INSTITUTO EUROPEO DE ITINERARIOS CULTURAI S							•
	ASOCIACIÓNS DE AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO							•
	ACIR COMPOSTELLE – Association de Coopération Interrégionale. Les Chemins de Saint-Jacques de Compostelle							•
ACCIÓNS A IMPULSAR / TEMPORALIDADE	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	
1.2.1. Deseño de programas e proxectos para a cooperación internacional en materia de; formación, educación, investigación, emprego, voluntariado, etc. vinculado ao Camiño de Santiago, con especial interese noutros itinerarios culturais e nos países clave na cultura Xacobeá: Francia, Portugal, Italia, Alemaña, Polonia, Reino Unido, etc.								
1.2.2. Impulso á Federación Europea do Camiño a través de: <ul style="list-style-type: none"> - Programas para o fomento da investigación, promoción e dinamización do Camiño.. - Busca de novos socios que estimulen as canles de participación e o traballo en rede dos Itinerarios Culturais Europeos (Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago, ICOMOS, Fórum do Instituto de Itinerarios Culturais Europeos, Asociacións de Amigos do Camiño, ACIR Compostelle, etc.) - Busca de acordos con rexións europeas para a incorporación como socias da Federación Europea do Camiño de Santiago 								
- INDICADORES DE EXECUCIÓN	- N ° DE PROGRAMAS PARA A COOPERACIÓN INTERNACIONAL							

7. PLANS DE ACTUACIÓN E ACCIÓNS PRIORITARIAS



LIÑA ESTRATÉXICA	L.E.1. COORDINACIÓN E ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA.							
PLAN DE ACTUACIÓN	1.3. COLABORACIÓN ASOCIACIÓNS DE AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO							
EIXO	USO							
OBXECTO	Establecer un plan de colaboración coas Asociacións de Amigos do Camiño reforzando a súa labor de difusión da Cultura Xacobeá.							
		Axente Coordinador	Axente Principal	Axente Colaborador				
	PRESIDENCIA-TURISMO DE GALICIA	•						
	CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR – DX de Xuventude e Voluntariado		•					
	ASOCIACIÓNS DE AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO		•					
ACCIÓNS A IMPULSAR / TEMPORALIDADE		2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
1.3.1. Establecemento dun Plan de colaboración Asociacións de Amigos do Camiño consistente en: - Colaboración coas actividades levadas a cabo polas Asociacións de Amigos do Camiño. - Creación de programas de voluntariado de hospitaleiros nos albergues da rede pública do Camiño para os integrantes das Asociacións.								
1.3.2. Creación dun centro de documentación onde se recompila entre outros, a documentación xerada polas Asociacións de Amigos do Camiño.								
1.3.3. Creación de canles para a participación entre as Asociacións do Camiño e a Xunta de Galicia en materias relacionadas co Camiño								
1.3.4. Establecemento do Día do Camiño de Santiago , realizando actividades propostas polas Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago e outros axentes.								
INDICADORES DE EXECUCIÓN	Nº DE ACTIVIDADES INCLUIDAS NO PLAN DE APOIO ÁS ASOCIACIÓNS REALIZADAS.							

7. PLANS DE ACTUACIÓN E ACCIÓNS PRIORITARIAS



LIÑA ESTRATÉXICA	L.E.1. COORDINACIÓN E ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA							
PLAN DE ACTUACIÓN	1.4. FORTALECEMENTO DO COMITÉ INTERNACIONAL DE EXPERTOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO							
EIXO	GOBERNANZA							
OBXECTIVO	Reforzar o papel do Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago para acadar un maior aproveitamento da súa experiencia e coñecemento, así coma para fortalecer o seu recoñecemento e a difusión do seu traballo a toda a sociedade							
AXENTES IMPLICADOS E ROLES		Axente Coordinador	Axente Principal				Axente Colaborador	
	PRESIDENCIA-TURISMO DE GALICIA	•						
	COMITÉ INTERNACIONAL DE EXPERTOS NO CAMIÑO DE SANTIAGO		•					
ACCIÓNS A IMPULSAR / TEMPORALIDADE	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	
<p>1.4.1. Definición dunha Axenda de Visitas Institucionais aos países dos membros do Comité que permitan:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Afondar no traballo realizado nos diferentes territorios polos diferentes membros. - Explorar novas posibilidades de proxectos de carácter transnacional vinculados ao Camiño con socios internacionais. - Favorecer o traballo en rede e a cooperación, así coma a transferencia de coñecemento e o asesoramento. 								
<p>1.4.2. Fortalecemento do Comité, a través de apoio ao seu crecemento e a difusión do seu traballo:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Apoio a novos estudos e investigacións sobre o Camiño de Santiago, tanto a nivel histórico como a nivel evolutivo. - Apoio á edición da revista “Ad Limina” así como de artigos, revistas e demais publicacións de carácter científico que divulgue a Cultura Xacobeá. - Deseño dun Programa Especial para a Adaptacións de contidos científicos á sociedade xeral non especializada en Cultura Xacobeá. - Apoio á organización de eventos de divulgación científica do Camiño de Santiago en Galicia, resto de España e no estranxeiro. - Edición Anual dunha Memoria de Actividades, e difusión nacional e internacional a público interesado. 								

7. PLANS DE ACTUACIÓN E ACCIÓNS PRIORITARIAS



LIÑA ESTRATÉXICA	L.E.1. COORDINACIÓN E ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA							
PLAN DE ACTUACIÓN	1.4. FORTALECIMENTO DO COMITÉ INTERNACIONAL DE EXPERTOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO							
ACCIÓNS A IMPULSAR / TEMPORALIDADE	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	
1.4.3. Colaboración con outros Centros de Estudos Xacobeos (Centre d'Etudes Compostellanes de París, Centro Italiano di Studi Compostellani di Perugia, etc) e impulso á creación de novos centros.								
INDICADORES DE EXECUCIÓN	Nº VISITAS INSTITUCIONAIS REALIZADAS / Nº DE SOCIOS DO COMITÉ / Nº PUBLICACIÓNS EDITADAS POLO COMITÉ / Nº EVENTOS ORGANIZADOS POLO COMITÉ / Nº CENTROS DE ESTUDOS XACOBEO EN FUNCIONAMENTO							

7. PLANS DE ACTUACIÓN E ACCIÓNS PRIORITARIAS



LIÑA ESTRATÉXICA	L.E.1. COORDINACIÓN E ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA							
PLAN DE ACTUACIÓN	1.5. COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E AS ENTIDADES ECLESIASTICAS							
EIXO	GOBERNANZA							
OBXECTIVO	Establecer canles de colaboración entre a Xunta e as entidades eclesiásticas en materias que atinxen ó Camiño para ofrecer un mellor servizo de acollida, atención e información ao peregrino.							
AXENTES IMPLICADOS E ROLES		Axente Coordinador	Axente Principal				Axente Colaborador	
	PRESIDENCIA-TURISMO DE GALICIA	•						
	ENTIDADES ECLESIASTICAS		•					
ACCIÓNS A IMPULSAR / TEMPORALIDADE		2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
1.5.1. Definición de liñas de traballo de carácter plurianual en materia da xestión compartida de equipamentos entre a Xunta de Galicia e as entidades eclesiásticas en materias de: <ul style="list-style-type: none"> - Xestión compartida de equipamentos. - Valoración de establecer Convenios de colaboración entre Turismo de Galicia e as Diócesis do Camiño de Santiago en Galicia (Santiago, Ourense, Lugo, Mondoñedo-Ferrol e Tui-Vigo). - Incentivar os programas de difusión do patrimonio eclesiástico. - Mellorar o acompañamento e acollida ao peregrino (Oficina do Peregrino na Catedral de Santiago). - Colaboración no mantemento da Oficina do Peregrino. 								
INDICADORES DE EXECUCIÓN	Nº DE ACTUACIÓNS EN COLABORACIÓN ENTRE XUNTA E ENTIDADES ECLESIASTICAS IMPLANTADAS							

7. PLANS DE ACTUACIÓN E ACCIÓNS PRIORITARIAS



LIÑA ESTRATÉXICA	L.E.1. COORDINACIÓN E ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA.							
PLAN DE ACTUACIÓN	1.6. SISTEMA DE SEGUIMIENTO DO IMPACTO SOCIOECONÓMICO DO CAMIÑO EN GALICIA.							
EIXO	GOBERNANZA							
OBXECTIVO	Estandarizar a recollida de datos e optimizar o tratamento estatístico relacionado co Camiño para formalizar unha base de datos uniforme que permita o tratamento do impacto do Camiño de Santiago sobre as estruturas de poboación e as dinámicas económicas das parroquias e concellos de Galicia.							
AXENTES IMPLICADOS E ROLES		Axente Coordinador	Axente Principal	Axente Colaborador				
	INSTITUTO GALEGO DE ESTADÍSTICA	•	•					
	PRESIDENCIA-TURISMO DE GALICIA - Área de estudos e investigación suprimir		•					
	OFICINA DO PEREGRINO		•					
ACCIÓNS A IMPULSAR / TEMPORALIDADE	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	
<p>1.6.1. Establecemento dun plan estatístico do Camiño de Santiago en Galicia como adenda ao Plan de Destino, definido dende Turismo de Galicia en colaboración co Instituto Galego de Estadística, que permita a análise exhaustiva dos procesos impulsados polo Camiño de Santiago incluíndo, entre outros:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Perfil do peregrino. Proposta de inclusión na enquisa que realiza a Oficina do Peregrino de novas preguntas. - Rexistro do número de peregrinos sen documentación acreditativa (Compostela, Fisterrana ou Muxiana) - Nivel de satisfacción do peregrino en canto aos servizos e atención ao mesmo. - Rexistro de empresas e actividades de negocio no ámbito parroquial do Camiño. - Poboación activa a nivel de parroquia por sector de actividade. - Taxas de emprego parroquial, directo e indirecto en relación ao Camiño de Santiago. 								
1.6.2. Elaboración de anuarios estatísticos “O Camiño en Cifras” que permita coñecer a realidade socioeconómica do Camiño de Santiago.								
INDICADORES DE EXECUCIÓN	Nº DE PUBLICACIÓNS DO ANUARIO ESTADÍSTICO “O CAMIÑO EN CIFRAS” / Nº EMPRESAS E ACTIVIDADES DE NEGOCIO LA NIVEL PARROQUIAL DO CAMIÑO / POBOACIÓN ACTIVA A NIVEL ARROQUIAL POR SECTOR DE ACTIVIDADE.							



LIÑA ESTRATÉXICA 2: PRESERVACIÓN E POTENCIACIÓN DOS VALORES PATRIMONIAIS DO CAMIÑO DE SANTIAGO

PLAN DE ACTUACIÓNS PRIORITARIAS

2.1. IMPULSO Á DELIMITACIÓN DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO

2.2. REFORZO DOS MECANISMOS DE PROTECCIÓN E POSTA EN VALOR PATRIMONIAL DO CAMIÑO DE SANTIAGO

7. PLANS DE ACTUACIÓN E ACCIÓNS PRIORITARIAS



LIÑA ESTRATÉXICA	L.E.2. PRESERVACIÓN E POTENCIACIÓN DOS VALORES PATRIMONIAIS DO CAMIÑO DE SANTIAGO								
PLAN DE ACTUACIÓN	2.1. IMPULSO Á DELIMITACIÓN DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO.								
EIXO	XESTIÓN								
OBXECTIVO	Aumentar a protección xurídica do Camiño, mediante a aprobación da delimitación dos trazados e do territorio histórico das rutas pendentes de delimitar e a recuperación da titularidade pública dos tramos necesarios no conxunto das rutas.								
AXENTES IMPLICADOS E ROLES		Axente Coordinador	Axente Principal			Axente Colaborador			
	CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA – Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	•							
	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	•							
	PRESIDENCIA-TURISMO DE GALICIA		•						
	VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA: Dirección Xeral de Administración Local					•			
	CONCELLOS DO CAMIÑO OU ÓRGANOS COORDINADORES		•						
ACCIÓNS A IMPULSAR / TEMPORALIDADE		2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	
2.1.1. Incoar o procedemento de delimitación do Camiño Portugués, Camiño de Fisterra-Muxía e Camiño do Sueste – Vía da Prata.									
2.1.2. Realización dos estudos técnicos necesarios para a valoración da singularidade e os condicionantes xeográficos e histórico- culturais para a protección xurídica da Ruta do Mar de Arousa- Río Ulla.									
2.1.3. Recuperación do dominio público nos tramos que determinen os expedientes de delimitación de cada ruta, segundo establece o artigo 5 «sobre a necesidade de ocupación dos bens e adquisición de dereitos» da Lei 3/1996 de protección dos Camiños de Santiago.									
INDICADORES DE EXECUCIÓN	KM DE DOMINIO PÚBLICO DE CAMIÑO RECUPERADO / TOTAL DE KM IDENTIFICADOS								

7. PLANS DE ACTUACIÓN E ACCIÓNS PRIORITARIAS



LIÑA ESTRATÉXICA	L.E.2. PRESERVACIÓN E POTENCIACIÓN DOS VALORES PATRIMONIAIS DO CAMIÑO DE SANTIAGO							
PLAN DE ACTUACIÓN	2.2. REFORZO DOS MECANISMOS DE PROTECCIÓN E CONTROL DO CAMIÑO, ASÍ COMO, A POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO.							
EIXO	XESTIÓN							
OBXECTIVO	Mellorar a protección dos valores patrimoniais e culturais do territorio vinculado ao Camiño de Santiago mediante o aumento da colaboración e cooperación entre os departamentos das Administracións competentes e a priorización da inspección urbanística nos concellos do Camiño de Santiago.							
AXENTES IMPLICADOS E ROLES		Axente Coordinador	Axente Principal				Axente Colaborador	
	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS							•
	MINISTERIO DE FOMENTO	•						
	CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA – Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	•						
	PRESIDENCIA - TURISMO DE GALICIA			•				
	CONCELLOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO	•						
ACCIÓNS A IMPULSAR / TEMPORALIDADE		2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
2.2.1. Impulso da rehabilitación do patrimonio público e privado nos núcleos de poboación a través de programas como por exemplo as ARIS do Camiño nos seguintes servizos: - Asesoramento técnico e legal na protección dos valores patrimoniais. - Formación a técnicos municipais. - Apoio para a rehabilitación. - Tramitación de expedientes e licencias de obra.								
2.2.2. Coordinación entre Turismo de Galicia e a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística sobre a situación urbanística e legal do territorio vinculado ao Camiño de Santiago.								
2.2.3. Establecemento dun Programa de Intervención Priorizado sobre os recursos patrimoniais. Actualización do catálogo patrimonial do territorio das rutas do Camiño de Santiago e determinación das actuacións preferentes, especialmente do patrimonio catalogado como BIC.								

7. PLANS DE ACTUACIÓN E ACCIÓNS PRIORITARIAS



LIÑA ESTRATÉXICA	L.E.2. PRESERVACIÓN E POTENCIACIÓN DOS VALORES PATRIMONIAIS DO CAMIÑO DE SANTIAGO							
PLAN DE ACTUACIÓN	2.2. REFORZO DOS MECANISMOS DE PROTECCIÓN E CONTROL DO CAMIÑO, ASÍ COMO A POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO.							
EIXO	XESTIÓN							
ACCIÓNS A IMPULSAR/ TEMPORALIDADE	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	
2.2.4. Redacción dunha « Guía de protección do Camiño e criterios de rehabilitación e edificación no Camiño de Santiago ” que desenvolva os criterios de integración morfolóxica e tipolóxica, de deseño e composición das edificacións.								
2.2.5. Revisión da seguinte lexislación: <ul style="list-style-type: none"> - Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia en materia dos procesos sancionadores e de aspectos de protección paisaxística e territorial, así como do mantemento viario. - Lei 3/1996, do 10 de maio, de Protección dos Camiños de Santiago. - Desenvolvemento da Lei 7/2011 de Turismo de Galicia no que afecta á inclusión de Albergues Públicos de Peregrinos. - Plan Territorial Integrado. Desenvolvemento de directrices de ordenación do territorio 								
INDICADORES DE EXECUCIÓN	Nº DE LICENCIAS DE INTERVENCIÓN NO PATRIMONIO AUDITADAS Nº DE EXPEDIENTES SANCIONADORES RESOLTOS NO CAMIÑO DE SANTIAGO POLA APLU							



LIÑA ESTRATÉXICA 3: CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DO CAMIÑO DE SANTIAGO

PLAN DE ACTUACIÓNS PRIORITARIAS

3.1. MANTEMENTO VIARIO, SINALIZACIÓN E SEGURIDADE VIAL NO CAMIÑO DE SANTIAGO

3.2. CAMIÑO DE SANTIAGO ACCESIBLE

7. PLANS DE ACTUACIÓN E ACCIÓNS PRIORITARIAS



LIÑA ESTRATÉXICA	L.E.3. CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DO CAMIÑO DE SANTIAGO							
PLAN DE ACTUACIÓN	3.1. MANTEMENTO VIARIO, SINALIZACIÓN E SEGURIDADE VIAL NO CAMIÑO DE SANTIAGO.							
EIXO	XESTIÓN							
OBXECTIVO	Planificar e consolidar un servizo de mantemento continuado do Camiño que axude á súa conservación e protección así como establecer un plan de sinalización homoxéneo e garantir a seguridade vial do peregrino no Camiño de Santiago.							
AXENTES IMPLICADOS E ROLES		Axente Coordinador	Axente Principal				Axente Colaborador	
	PRESIDENCIA-TURISMO DE GALICIA		•					
	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS						•	
	VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA: Dirección Xeral de Administración Local						•	
	CONCELLOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO OU ORGANISMO XESTOR DE CADA CAMIÑO		•					
	MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE- Consejo Jacobeo		•					
	MINISTERIO DE FOMENTO	•						
	DEPUTACIÓNS		•					
ACCIÓNS A IMPULSAR / TEMPORALIDADE	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	
